“O Servizo Galego de Saúde ven de introducir medidas destinadas a incrementar e mellorar os recursos humanos e físicos do Centro de Saúde de Porriño.

Neste contexto, a Xerencia da área sanitaria de Vigo dotou ao centro dun sistema de climatización dando resposta ás demandas de profesionais e sanitarios xa que se durante os meses de verán tiñan que soportar altas temperaturas por tratarse dun edificio cunha galería acristalada moi exposta á luz solar.

Tamén dotouse dunha nova Sala de Observación no Punto de Atención Continuada (PAC), dispositivo con 4 postos de atención que incrementa considerablemente a calidade asistencial neste servizo.

Polo que se refire a recursos humanos nos últimos meses incorporáronse dous novos profesionais: un pediatra e unha enfermeira.

En xeral, o servizo de Atención Primaria de Porriño conta con 66 profesionais: 19 médicos de familia, 3 pediatras, 2 odontoestomatólogos, 1 farmacéutico, 18 enfermeiras, 2 técnicos de coidados auxiliares de enfermería, 1 matrona, 1 técnico especialista, 1 asistente social, 1 auxiliar administrativo, 6 persoal de servizos xerais e 4 celadores.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 29 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: 1f4d6ce8-4450-1676-e3b6-7cf9efaf4b29





Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/10/2017 9:18:50



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 4580**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luis Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as xestións levadas a cabo polo Goberno galego en relación cos cortes na subministración da enerxía eléctrica producidos durante os temporais dos primeiros días de febreiro de 2017, as medidas adoptadas para afrontar os danos ocasionados e as súas previsións respecto do establecemento de axudas para palialos”**, (publicada no BOPG número 66 do 15 de febreiro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Xunta de Galicia**, que ten o seguinte contido:

“Esta pregunta foi atendida na intervención do director xeral de Enerxía e Minas da Consellería de Economía, Emprego e Industria, con motivo do debate da pregunta 4696 que tivo lugar na sesión do 24 de febreiro de 2017 da Comisión 3º de Economía, Facenda e Orzamentos.

O arquivo audiovisual pode consultarse no seguinte enderezo de Internet:

[http://www.parlamentodegalicia.com/axenda/intervencionsVideo.aspx?  
timecode=01:32:08&idvid=C3248173&duration=00:26:16&wmv=0000009822R-002-  
100kb.wmv&](http://www.parlamentodegalicia.com/axenda/intervencionsVideo.aspx?timecode=01:32:08&idvid=C3248173&duration=00:26:16&wmv=0000009822R-002-100kb.wmv&)

A maior abundamento, engadir que como consecuencia do temporal que afectou á Comunidade entre os días 2 e 5 de febreiro de 2017, na rede autonómica de estradas rexistráronse un total de 435 incidencias. Para atendelas de modo inmediato mobilizáronse todos os medios derivados dos contratos de conservación ordinaria e vialidade invernal, licitados pola Xunta de Galicia a finais do ano 2014 por máis de 116 millóns de euros para un período de 4 anos e adxudicados no ano 2015.

Os temporais de febreiro de 2017 tiveron como principal consecuencia nas explotacións agrarias da nosa comunidade autónoma os cortes de luz que impediron a realización dalgunhas actividades para as que se necesita a enerxía eléctrica para o seu desenvolvemento. A mais importante, por ser inaprazable, é a tarefa de muxido nas explotacións leiteiras da nosas comunidade xa que a non realización diaria pode dar lugar a perda da lactación da vaca acompañada de danos fisiolóxicos que poden levar a que esas vacas non so perdan esa lactación senón que tarden ou non sexan capaces de volver a ter unha actividade reprodutiva normal.

Os cortes de luz producidos e que nalgúns casos duraron varios días soamente poden ser solventados se as explotacións dispoñen de xerados de enerxía alternativos que funcionen con combustibles fósiles.

De todos os xeitos os responsables destes cortes de luz son as compañías subministradoras de enerxía que teñen o compromiso de manter en todo momento o mesmo, e en caso de avaría repoñer o servizo no tempo mais curto posible. No caso de que durante este tempo sen subministro se produzan perdas económicas aos usuarios estes teñen dereito a reclamar ás empresas polos danos sufridos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 2 de outubro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García–Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/10/2017 11:11:18



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REGISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 03/10/2017 16:30  
Nº Rexistro: 18115

Data envío: 03/10/2017 15:30:57.520

Data 03/10/2017 15:30

RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 5110**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Juan Manuel Díaz Villoslada e outros/as deputados/as mais, sobre **“a opinión do Goberno galego respecto da necesidade de introducir modificacións na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, co fin de regular o ámbito material das leis chamadas «de medidas» ou «de acompañamento», relacionadas coa Lei anual de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma”**, (publicada no BOPG número 70 do 21 de febreiro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda**, que ten o seguinte contido:

“O Tribunal Supremo xa resolveu o debate doutrinal acerca da natureza das chamadas leis de acompañamento. O alto tribunal configurou este tipo de normas como leis ordinarias cuxo contido está plenamente amparado pola liberdade de configuración da que goza o lexislador e que permiten unha mellor e máis eficaz execución do programa do Goberno nos distintos ámbitos nos que desenvolve a súa acción.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 2 de outubro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: 285d1932-3303-eb02-4200-3bb291ff4bd1



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/10/2017 15:30:52



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 02/10/2017 10:31  
Nº Rexistro: 17951

Data envío: 02/10/2017 10:31:49.889

Data 02/10/2017 10:31

RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 7392**, formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Carmen Santos Queiruga e don Luís Villares Naveira, sobre **“a opinión do Goberno galego respecto da posta en marcha de todas as medidas necesarias para favorecer a inclusión laboral das persoas con discapacidade na Administración pública, a taxa e o número de empregados públicos con diversidade funcional existente na Xunta de Galicia”**, (publicada no BOPG número 97 do 6 de abril de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia vén realizando nos últimos anos un esforzo para facilitar a inserción laboral efectiva das persoas con discapacidade na función pública galega.

A normativa vixente establece que as administracións reservarán a persoas con discapacidade un 7% das prazas incluídas nas convocatorias de emprego público, unha medida que ten como obxectivo garantir a inserción deste colectivo na Administración.

Sen embargo, esta reserva xa non é obrigatoria cando unha administración supera o 2% de persoal con discapacidade.

Pero a Xunta, pese a superar esta barreira do 2%, continúa reservando en cada convocatoria de emprego público o 7% das prazas convocadas para a discapacidade.

Ademais, dende 2015 a Xunta deu un paso máis e comezou a traballar na posta en marcha de oposicións reservadas especificamente a persoas con discapacidade intelectual. Este traballo fíxose en colaboración con as asociacións Down Galicia e Fademga, e permitiu avanzar en cuestións coma a elaboración de temarios adaptados ás distintas discapacidades ou a formación que recibirán estes traballadores unha vez pasen a formar parte da Administración galega.

Grazas a este intenso traballo, en 2016 mediante a Orde do 25 de febreiro, a Consellería de Facenda convocou as primeiras oposicións da historia da Xunta reservadas a persoas con

CVE-PREPAR: aa72e672-e784-1615-3ef5-2e72bade0081

discapacidade intelectual. O primeiro exame realizouse con éxito o pasado mes de abril, e nesta proba participaron máis de 350 persoas.

O propio conselleiro de Facenda, en sede parlamentaria, ten instado ao resto de administración galegas, grandes concellos, as deputacións e as universidades a imitar á Xunta e utilizar unha parte da taxa de reposición para facer oposicións específicas para este colectivo.

Pero tamén se comprometeu, en sede parlamentaria, a que haberá emprego temporal para este colectivo. Así o apartado quinto da mesma Orde, relativo á lista de aspirantes á contratación temporal, establece que a puntuación dos aspirantes que aproben o primeiro exercicio pero non superen o proceso selectivo terá a consideración de mérito para o desempeño transitorio de postos da mesma categoría profesional.

En relación ás Ofertas de Emprego Público da Xunta de Galicia, tal e como dispón o Decreto 19/2016, do 25 de febreiro (DOG número 45, do 7 de marzo de 2016), están pendentes de convocar os seguintes procesos selectivos por acceso libre que inclúen prazas para persoas con discapacidade intelectual:

Corpo auxiliar, subgrupo C2: 22 prazas ofertadas, das cales 4 serán estarán reservadas para seren cubertas por persoas con discapacidade intelectual.

Agrupación profesional do persoal funcionario subalterno: 12 prazas ofertadas e reservadas para seren cubertas por persoas con discapacidade intelectual.

En total a oferta de prazas para o ingreso nos corpos, escalas e especialidades de Administración xeral e especial, e categorías de persoal laboral para o ano 2016 inclúe unha cifra de 46 prazas para persoas con discapacidade xeral (20 por acceso libre e 26 por promoción interna), ás que hai que engadir outras 16 de acceso libre a cubrir con persoas que acrediten discapacidade intelectual.

En termos porcentuais, a cota de reserva de prazas da oferta de emprego para persoas con discapacidade acada unha porcentaxe do 8,68 % do total. Esta porcentaxe pode desagregarse de xeito que un 2,24 % das prazas sexan cubertas por persoas que acrediten discapacidade intelectual mentres que o restante 6,44 % o sexa por persoas que acrediten calquera outro tipo de discapacidade.





**XUNTA DE GALICIA**

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 02/10/2017 10:31  
**Nº Rexistro: 17951**  
Data envío: 02/10/2017 10:31:49.889

Sinalar finalmente que a aposta pola inclusión figura recollida na Lei de Emprego Público de Galicia e na Estratexia Galega sobre discapacidade 2015/2020.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 2 de outubro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/10/2017 10:31:35



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 4905**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don José Luís Rivas Cruz e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto da habilitación dos recursos económicos necesarios para colaborar co Concello de Ponteceso na reparación dos problemas estruturais da ponte da Garga e a súa rehabilitación integral, así como recuperar os seus valores patrimoniais e a comunicación directa entre os núcleos de Anllóns e A Garga”**, (publicada no BOPG número 70 do 21 de febreiro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria** que ten o seguinte contido:

“A Ponte da Garga en Ponteceso é un ben pertencente ao Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia, ao abeiro artigo 30 da Lei 5/2016 do Patrimonio Cultural de Galicia por estar incorporado ao Catálogo do planeamento municipal de Ponteceso.

Parece oportuno lembrar que a Ponte de Garga trátase dun ben público de titularidade municipal, que está adscrito ou vinculado a unha vía pública tamén de titularidade municipal.

Neste caso, en relación con esta ponte, o Concello de Ponteceso é o responsable da súa conservación, mantemento e reparación, no caso de ser necesaria. Isto é así pola súa condición de propietario e xestor do ben público, así como responsable da estrada e do servizo público que presta.

Non obstante, desde mediados do ano 2016, a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural atendeu ás solicitudes do Concello de Ponteceso en relación co estado no que se atopaba a Ponte da Garga, como consecuencia dos danos ocasionados e/ou agravados polas enchentes do río Anllóns sucedidas nesta última primavera.

No marco desta colaboración, ademais do asesoramento que lle prestaron os servizos técnicos da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, encargouse a redacción dun proxecto técnico para

levar adiante a reparación da ponte, asumindo o custo da redacción deste proxecto por un importe de 12.264,37 € euros. Dito proxecto foi facilitado ao Concello de Ponteceso indicándolle que desde o devandito departamento autonómico non era imposible colaborar co mesmo na execución das obras, que se calculaba podían ascender a 176.690,00 €.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 2 de outubro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/10/2017 11:18:01



## XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 6385**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Raúl Fernández Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o coñecemento polo Goberno galego das razóns de Ence para non construír en Pontevedra a nova planta de biomasa anunciada no ano 2016, as repercusións que vai ter esa perda de investimento e a súa posible incidencia na prórroga da concesión”**, (publicada no BOPG número 84 do 16 de marzo de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria e a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia aposta en todo momento polo emprego e o crecemento económico da nosa comunidade, moi especialmente no ámbito da industria polo seu impacto positivo na creación de riqueza e, especialmente, de postos de traballo estables e de calidade.

Neste sentido, cómpre recordar que a Administración galega leva dous anos desenvolvemento a Axenda Galicia-Industria 4.0, que xa ten permitido impulsar actuacións por 143 millóns de euros, que teñen servido para apoiar a 4.200 empresas e mobilizar un investimento total de 342 millóns de euros.

Ademais, desde comezos deste ano estase a traballar intensamente nun Plan de acción para a captación de investimentos co obxectivo de avanzar cara a configuración dunha Galicia máis competitiva, que xere máis facilidades e máis confianza aos investidores. Unha planificación na que se está a procurar a colaboración de todas as administracións, así como das forzas sociais e políticas, porque o seu logro debe ser un compromiso de todos.

En calquera caso, a decisión sobre un determinado investimento empresarial corresponde en último lugar aos órganos directivos de cada organización, que as tomas en base á autonomía que corresponde ao sector privado.

En canto á modificación da prórroga da concesión de Ence, subliñar que a ampliación foi outorgada, tal e como establece a lei, polo Goberno central. Polo tanto, calquera eventual repercusión sobre o cómputo do seu prazo é unha cuestión que lle corresponde valorar á esa Administración.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 29 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/10/2017 9:23:56





RS/AG

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 6797**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de don Marcos Cal Ogando e outros/as deputados/as do mesmo grupo sobre **“a data prevista pola Xunta de Galicia para o remate dos trámites necesarios para a posta en marcha da liña circular de autobuses entre Ferrol e Cobas”**, (publicada no BOPG número 93 do 30 de marzo de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“O servizo entre Ferrol e Covas é un servizo de ámbito municipal, non obstante o cal, a Xunta de Galicia o viña prestando no marco do contrato de xestión de servizo público de transporte V-7041, que ata o pasado 7 de agosto prestaba a empresa Rías Altas, SA.

Logo da publicación da Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación, o Concello de Ferrol non comunicou ao departamento competente en materia de transporte público a súa intención de establecer o servizo de transporte municipal que, como municipio de máis de 50.000 habitantes, lle corresponde, polo que é a Xunta de Galicia a que garante aos usuarios de Covas a súa mobilidade co seu propio concello.

Para tal fin, desde o 8 de agosto está en explotación o contrato XG542, Ferrol–Mandiá–A Graña, con anexos, mediante o cal se lle dá continuidade á prestación deste servizo mediante catro expedicións por sentido diarias, de luns a venres, máis outras dúas en período lectivo que permiten acceder a Ferrol mediante a conexión de liñas. A estas comunicacións engádese a conexión en fins de semana e festivos, con dous servizos por sentido de comunicación directa con Ferrol.

Polo tanto, co Plan de Transporte Público de Galicia a Xunta de Galicia garante aos veciños de Covas as comunicacións con Ferrol, que se ve especialmente influenciada pola integración

destes servizos no Plan de transporte metropolitano de Galicia, de xeito que estes usuarios dispoñen dunha tarifa económica para os seus desprazamentos e a posibilidade de realizar transbordos entre as diferentes liñas integradas sen custo adicional ningún”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 2 de outubro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García–Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/10/2017 15:26:42



## XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Data 29/09/2017 12:34

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión número 6887, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de don Marcos Cal Ogando e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as razóns da eliminación, dos vehículos oficiais dos axentes medioambientais, das cores específicas, o vinilo coa imaxe corporativa da Xunta de Galicia e o servizo ao que pertencen, así como da non dotación a esa flota de sistemas de iluminación prioritaria e da inexistencia dunha uniformidade regulamentada”**, (publicada no BOPG número 93 do 30 de marzo de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia está a traballar nunha orde polo que establecen os elementos identificativos e uniformidade dos Axentes Forestais, Axentes Facultativos Medioambientais e Axentes Técnicos Ambientais de Galicia. Este borrador da orde está consensuada a nivel sindical e coa Directora Xeral de Ordenación Forestal e a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.

A presente Orde ten por obxecto establecer a descrición e demais características da uniformidade e identificación das escalas de Axentes Forestais, Axentes Facultativos Medioambientais e Axentes Técnicos en Xestión Ambiental. Coma denominación xenérica das tres escalas utilizarase nesta orde unicamente a de Axentes. Preténdese como finalidade única o recoñecemento e identificación destes funcionarios, mostrando unha homoxeneidade no servizo.

Dentro de esta orde tamén se regulará o uniforme dos axentes. Enténdese por este o conxunto de pezas de uniformidade e equipos accesorios proporcionados polas Consellerías nas que o persoal destas escalas presten servizos en calidade de membros das mesmas e permita a súa identificación como tal.

Así mesmo, debemos ter en conta que os axentes medioambientais non son un corpo de Policía Administrativa, polo que non se pode asimilar a regulación dos seus uniformes”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 29 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 29/09/2017 12:34:10



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 10872**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luis Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as actuacións levadas a cabo e previstas polo Goberno galego en relación coa tramitación do proxecto sectorial de incidencia supramunicipal solicitado pola empresa portuguesa CUF para facilitar a permanencia da súa factoría de cloro en Lourizán, no concello de Pontevedra, así como a renovación da autorización ambiental integrada de Elnosa”**, (publicada no BOPG número 137, do 29 de xuño de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria e a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta aposta pola emprego e o crecemento económico na comunidade galega, moi especialmente no eido da industria polo seu impacto na creación de riqueza e postos de traballo estables e de calidade. Esta aposta, ademais, desenvólvese en todo momento de conformidade coa legalidade vixente e cun modelo baseado na innovación e o capital humano e na sustentabilidade.

Neste contexto, a Administración galega está a tramitar o proxecto sectorial de incidencia supramunicipal, segundo o disposto no Decreto 80/2000, do 23 de marzo, polo que se regulan os plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal, e velará, como fai sempre, polo cumprimento dos criterios que se establece na lexislación.

Actualmente, está en tramitación a revisión da Autorización Ambiental Integrada de Elnosa. O período de información pública rematou o pasado 4 de setembro. A partir deste momento,

continuarase coa tramitación tras canalizar e analizar as posibles achegas ao documento realizadas durante o período de exposición pública.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 2 de outubro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia





Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/10/2017 15:17:18



## XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 03/10/2017 16:30  
Nº Rexistro: 18146

Data envío: 03/10/2017 15:52:48.497

Data 03/10/2017 15:52

RS/AG

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 2779**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ana Belén Pontón Mondelo e outras/as deputadas/os do mesmo grupo, sobre **“a baixa execución dos orzamentos xerais do Estado no que se refire a Galicia”**, (publicada no BOPG número 44 do 13 de xaneiro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“ A execución orzamentaria ao final do ano 2016, froito das especiais circunstancias políticas, foi algo máis baixa que a do ano anterior. Aínda así levou a que nese ano se investisen nas obras da alta velocidade a Galicia máis de 600 millóns de euros.

Nos Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2017 incrementouse o investimento do Ministerio de Fomento en Galicia nun 53% respecto do executado no 2016 o que sitúa a Galicia como a segunda comunidade en investimento per cápita e a cuarta en volume de investimento.

O ministro de Fomento está a garantir todos os investimentos previstos, especialmente os que permitirán finalizar as obras da Alta Velocidade a Galicia no ano 2019. O seguimento deste compromiso estase a realizar ao máis alto nivel, en reunións trimestrais entre o Goberno Galego e o Ministerio de Fomento”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 2 de outubro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/10/2017 15:52:44



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 2829**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as máis, sobre “ **a venda anticipada de Novagalicia Banco**”, (publicada no BOPG número 44 do 13 de xaneiro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda**, que ten o seguinte contido:

“Nestes intres estamos a falar de ABANCA polo traballo feito, tanto pola Xunta de Galicia como pola sociedade galega, evitando a execución dunha operación previa deseñada para a súa disolución.

A prioridade para a Xunta de Galicia sempre foi contar cunha entidade cuxo proxecto fose unha entidade vinculada con Galicia:

- co mantemento dos servizos centrais en Galicia
- que centrarse a súa actividade nas familias e nas empresas galegas
- que asegurase o mantemento dos postos de traballo
- e que tivese un compromiso coa obra social.

A Xunta de Galicia sempre defendeu que o vencello territorial con Galicia é o verdadeiro valor noutro de Novagalicia Banco e agora de ABANCA.

A situación de Novagalicia Banco era unha situación anormal que cumpría normalizar e estabilizar. Era importante escoller o momento para a venda e disipar os riscos de liquidación que se poderían dar si se esgotase o prazo dado por Bruxelas.

Por todo isto o momento en que se levou a cabo a venda de Novagalicia Banco, a entidade comezaba a recuperar un prestixio que suscitaba unha demanda de múltiples interesados en entrar no seu capital e esta demanda non se ía manter indefinidamente no tempo.

A venda, foi un procedemento público, aberto e transparente.

A oferta presentada por Banesco representaba o dobre da segunda mellor e o prezo estamos convencidos que foi o mellor que se podía obter nas circunstancias do momento.

Isto non estaba garantido si a venda se producise a posteriori, o que podía supoñer unha perda da posición negociadora, tendo o risco certo de liquidación en caso de non atopar comprador. Para que isto non ocorrera foi polo que traballou a Xunta de Galicia.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 29 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/10/2017 9:36:11



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 6444**, formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de don José Manuel Lago Peñas e don Antón Sánchez García, sobre **“a opinión do Goberno galego en relación coa evolución dos recursos asignados a Galicia con cargo ao Fondo de Compensación Interterritorial e o recorte da contía global dese fondo no conxunto do Estado, reflectido no Informe de fiscalización do Consello de Contas de Galicia do exercicio 2014, as razóns da baixada da participación de Galicia nel e as actuacións previstas ao respecto”**, (publicada no BOPG número 88 do 23 de marzo de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda**, que ten o seguinte contido:

“O pasado mes de xullo o conselleiro de Facenda explicou no Parlamento de Galicia, ao dar resposta a unha interpelación do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia sobre o FCI, a todas as cuestións que se plantexan nesta pregunta.

En canto a evolución dos fondos que recibe Galicia do FCI e por qué baixou máis que no resto de España, hai dúas razóns:

- Porque o FCI se reparte tendo en conta a renda per cápita, e nos últimos anos a evolución da renda per cápita de Galicia foi mellor que noutras CCAA.
- Porque Galicia tivo tamén unha mellor evolución da taxa de paro, o outro criterio no reparto deste fondo.

En todo caso, hai que indicar que a dotación do FCI en 2017 supón menos do 0,5% dos ingresos non financeiros da Xunta de Galicia.

Resulta evidente que o FCI non conta cunha dotación suficiente para corrixir os desequilibrios territoriais entre as distintas comunidades autónomas, pero esta insuficiencia na dotación non obedece unicamente ao drástico descenso da base de cálculo.

Neste sentido, no grupo de traballo constituído para abordar a revisión do modelo de financiamento autonómico estase a debater a conveniencia de reformar o FCI.

É lóxico que se promova un incremento substancial da dotación do fondo de tal xeito que adquira un papel máis eficaz para conseguir os obxectivos para os que se creou.

Así mesmo no actual sistema de financiamento se creou un fondo, o Fondo de Cooperación, cuxa finalidade é a de 'equilibrar e harmonizar o desenvolvemento rexional estimulando o crecemento da riqueza e a converxencia rexional en termos de renda'.

Debese avaliar as conclusións derivadas da revisión do sistema de financiamento, xa que, se ben o FCI non constitúe un dos seus recursos sí está moi directamente relacionado, como se vén poñendo de manifesto dende fai tempo. Se o aumento dos recursos ata niveis significativos suporía un importante logro, a súa estabilidade e evolución dinámica no transcurso do tempo sería un segundo punto de anclaxe da capacidade investidora das comunidades autónomas.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 2 de outubro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia





Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/10/2017 15:27:33



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 6474**, formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de don José Manuel Lago Peñas e don Antón Sánchez García, sobre **“o baixo nivel de execución así como a falta de transparencia da Xunta de Galicia na xestión dos recursos do Fondo de Compensación Interterritorial, reflectida esta polo Consello de Contas de Galicia no seu informe de fiscalización, e as súas causas”**, (publicada no BOPG número 88 do 23 de marzo de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda**, que ten o seguinte contido:

“O pasado mes de xullo o conselleiro de Facenda explicou no Parlamento de Galicia, ao dar resposta a unha interpelación do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia sobre o FCI, a todas as cuestións que se plantexan nesta pregunta.

A xestión do FCI iníciase coa identificación dos proxectos de investimento incluídos nos orzamentos da Xunta susceptibles de ser financiados coa dotación que en cada exercicio é asignada á comunidade de acordo co previsto na Lei 22/2001, do 27 de decembro, reguladora dos Fondos de Compensación Interterritorial.

Unha vez identificados, os proxectos son comunicados á Administración Xeral do Estado para fixalos de común acordo no seno do Comité Público de Investimento de acordo co previsto no artigo 7 da citada lei.

Galicia é a comunidade que conta cun maior grado de diversificación das materias nas que se concretan os proxectos de investimentos financiados con FCI. Unha vez iniciada a execución do orzamento, cando se acadan determinados fitos, remítenselle ao Estado as correspondentes certificacións.

Estes fitos son, en primeiro lugar, cando no proxecto se adxudica a obra ou o subministro, momento no que se pode certificar o 25% do gasto executado. O 50% do importe certificarase cando a execución chegue a esa mesma porcentaxe, e finalmente o 25% restante certifícase cando xa estea executado na súa totalidade.

Para a segunda e terceira certificacións deben transcorrer dous e tres trimestres, respectivamente, desde o inicio do exercicio ao que se refiren os fondos.

Tendo en conta que nos proxectos de investimentos poden existir múltiples motivos que retrasen ou modifiquen os prazos inicialmente previstos para a execución, o volume do gasto que se pode certificar no exercicio depende do grao de avance en cada un dos proxectos, tendo en conta diversas circunstancias:

- Por unha banda, en numerosas ocasións o FCI financia actuacións de carácter plurianual e, polo tanto, as certificacións, e o conseguinte retorno dos fondos, axustaranse ás plurianualidades dos respectivos contratos asociados a cada proxecto.
- Outro aspecto que inflúe no ritmo de execución é a modificación de proxectos. Así, hai actuacións que inicialmente se prevén financiar con FCI e, por distintas causas, non son realizables no exercicio. Isto obriga, tal e como prevé o artigo 7 da Lei, á comunicación da baixa do proxecto e á selección dun novo. Esta circunstancia provoca que se dilaten tamén os prazos de execución.
- Para a licitación dos proxectos esíxese a dispoñibilidade dos créditos e esta contía na gran maioría de casos vese aminorada polas baixas que se producen nas licitacións. Esta circunstancia obriga a reasignar as dotacións dos proxectos e a realizar sucesivos axustes nos momentos de adxudicación dos contratos.
- Por outra banda, nos marcos operativos anteriores vinculábanse os proxectos do FCI á execución dos Fondos Europeos, que esixen a aplicación dunhas normas específicas deseñadas nos procedementos de xestión e control dos programas operativos, e que inflúen no ritmo de execución dos proxectos.

Na actualidade, no marco operativo 2014-2020 esta vinculación xa non está operativa en termos xerais, precisamente para separar a execución do FCI da dos fondos europeos, que teñen un procedemento máis complexo, e deste xeito, axilizar a execución do FCI.

Isto provoca que o volume global orzamentado non se execute completamente no ano previsto, un exemplo de isto é o ano 2014. Pero, en todos os supostos nos que a execución dos proxectos non



**XUNTA DE GALICIA**

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 03/10/2017 16:30  
**Nº Rexistro: 18104**  
Data envío: 03/10/2017 15:27:28.612

finaliza antes do peche do exercicio, este financiamento se incorpora ao seguinte, e non existen perdas de recursos para a comunidade.

Ademais, a vinculación dos proxectos aprobados ata a súa finalización fai que non se executen as dotacións anuais no 100%.

Hai comunidades autónomas que, como Galicia, son fieis á programación do FCI acordada no Comité de Investimento e certifican en función da execución deses proxectos aprobados:

- En termos xerais, existe unha vinculación dos proxectos aprobados ata a súa finalización.
- O grado de execución do FCI dependerá do grado de execución do proxecto.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 2 de outubro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García–Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/10/2017 15:27:24



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 9115**, formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de don José Manuel Lago Peñas e outros/as deputados/as máis, sobre **“a opinión do Goberno galego respecto dos beneficios obtidos por Abanca no exercicio 2016”**, (publicada no BOPG número 117 do 24 de maio de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda**, que ten o seguinte contido:

“Nestes intres estamos a falar de ABANCA polo traballo feito, tanto pola Xunta de Galicia como pola sociedade galega, evitando a execución dunha operación previa deseñada para a súa disolución.

A prioridade para a Xunta de Galicia sempre foi contar cunha entidade cuxo proxecto fose unha entidade vinculada con Galicia:

- co mantemento dos servizos centrais en Galicia
- que centrarse a súa actividade nas familias e nas empresas galegas
- que asegurase o mantemento dos postos de traballo
- e que tivese un compromiso coa obra social.

A Xunta de Galicia sempre defendeu que o vencello territorial con Galicia é o verdadeiro valor noutrora de Novagalicia Banco e agora de ABANCA.

A situación de Novagalicia Banco era unha situación anormal que cumpría normalizar e estabilizar. Era importante escoller o momento para a venda e disipar os riscos de liquidación que se poderían dar si se esgotase o prazo dado por Bruselas.

Por todo isto o momento en que se levou a cabo a venda de Novagalicia Banco, a entidade comezaba a recuperar un prestixio que suscitaba unha demanda de múltiples interesados en entrar no seu capital e esta demanda non se ia manter indefinidamente no tempo.

A venda, foi un procedemento público, aberto e transparente.

A oferta presentada por Banesco representaba o dobre da segunda mellor e o prezo estamos convencidos que foi o mellor que se podía obter nas circunstancias do momento.

Isto non estaba garantido si a venda se producise a posteriori, o que podía supoñer unha perda da posición negociadora, tendo o risco certo de liquidación en caso de non atopar comprador. Para que isto non ocorrera foi polo que traballou a Xunta de Galicia.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 29 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 29/09/2017 14:13:05





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 9317**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luís Bará Torres e outros/as deputados/as máis, sobre **“a avaliación do Goberno galego en relación co impacto da posible venda do Banco Popular na economía de Galicia, a súa opinión respecto da posibilidade de considerar o mercado financeiro galego como un oligopolio e as causas da concentración bancaria que se está a producir, así como as súas consecuencias para os clientes e persoas usuarias dos servizos financeiros e os efectos da reestruturación bancaria”**, (publicada no BOPG número 120 do 31 de maio de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda**, que ten o seguinte contido:

“Cómpre lembrar que a Xunta non ten ningún tipo de competencia sobre esta operación, xa que tanto o Banco Santander como o Banco Popular son dúas entidades que operan no conxunto do territorio español.

Dende o primeiro momento que se coñeceu a venda do Banco Popular a Xunta de Galicia mostrou a súa preocupación por unha decisión que en conxunto, consideraba que non era unha boa noticia para Galicia. Había tres preocupacións fundamentais para o Goberno galego que eran os depositantes, o emprego e os pequenos accionistas.

O Presidente da Xunta, en sede parlamentaria, comprometeuse a que o Goberno galego seguiría polo miúdo a situación dos empregados galegos e as súas familias, así como da situación dos pequenos accionistas.

En canto a reestruturación bancaria, o sector financeiro experimentou en España un dos procesos de reestruturación máis completos e profundos da zona euro. En Galicia nos vimos fortemente afectados por este proceso de reestruturación bancaria, coa transformación que experimentaron entidades cunha arráigame moi forte no noso territorio, tanto económica como socialmente, como as caixas e o Banco Pastor.

Porén podemos seguir a dicir que Galicia é hoxe en día unha das poucas comunidades autónomas cunha entidade financeira cos centros de decisión en Galicia e cunha estratexia centrada na nosa comunidade que lle permite achegar crédito ás empresas e as familias galegas.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 29 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García–Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 29/09/2017 14:04:35



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 9539**, formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de don José Manuel Lago Peñas, sobre **“as medidas previstas polo Goberno galego para frear o proceso de concentración bancaria que se está a producir en Galicia, as razóns do grao de intensidade que presenta en relación co resto de España e a incidencia que tivo nel a bancarización das caixas de aforro galegas, así como os seus efectos económicos, os da posible venda do Banco Popular Pastor, a valoración e as actuacións previstas pola Xunta de Galicia ao respecto”**, (publicada no BOPG número 124 do 7 de xuño de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda**, que ten o seguinte contido:

“No momento no que se presentou esta iniciativa non se coñecía a compra do Banco Popular polo Banco Santander.

Dende o primeiro momento que se coñeceu a venda do Banco Popular, a Xunta de Galicia mostrou a súa preocupación por unha decisión que en conxunto, consideraba que non era unha boa noticia para Galicia. Había tres preocupacións fundamentais para o Goberno galego que eran os depositantes, o emprego e os pequenos accionistas.

O Presidente da Xunta, en sede parlamentaria, comprometeuse a que o Goberno galego seguiría polo miúdo a situación dos empregados galegos e as súas familias, así como da situación dos pequenos accionistas.

Cómpre lembrar que a Xunta non ten ningún tipo de competencia sobre esta operación, xa que tanto o Banco Santander como o Banco Popular son dúas entidades que operan no conxunto do territorio español.

O sector financeiro experimentou en España un dos procesos de reestruturación máis completos e profundos da zona euro. En Galicia nos vimos fortemente afectados por este proceso de reestruturación bancaria, coa transformación que experimentaron entidades cunha arráigame moi forte no noso territorio, tanto económica como socialmente, como as caixas e o Banco Pastor.

Porén podemos seguir a dicir que Galicia é hoxe en día unha das poucas comunidades autónomas cunha entidade financeira cos centros de decisión en Galicia e cunha estratexia centrada na nosa comunidade que lle permite achegar crédito ás empresas e as familias galegas.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 2 de outubro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/10/2017 15:22:58



## XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 10370**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luis Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a política do goberno galego en relación á aplicación das medidas contempladas no punto 4 do artigo 16 da Lei 24/2013, de 26 de decembro, do Sector Eléctrico”**, (publicada no BOPG número 132 do 21 de xuño de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento aos resultados da aplicación da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria**, que ten o seguinte contido:

“En primeiro lugar cómpre sinalar que as ordes de peaxe ás que se refiren as Sentenzas do Tribunal Supremo se limitan ao ano 2013 e que estas tiveron a súa orixe nunha redacción establecida polo Real Decreto Lei 20/2012 que non está vixente.

De feito, a Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, considera o establecemento de suplementos territoriais como unha facultade potestativa. En concreto a redacción do artigo 16.4 é como segue: ‘En caso de que as actividades ou instalacións destinadas ao fornecemento eléctrico fosen gravadas, directa ou indirectamente, con tributos propios das comunidades autónomas ou recargas sobre tributos estatais, na peaxe de acceso ou cargo que corresponda poderase incluír un suplemento territorial que cubrirá a totalidade do sobrecusto provocado por ese tributo ou recarga e que deberá ser aboado polos consumidores do ámbito territorial da respectiva comunidade autónoma’.

En segundo lugar, sinalar que a Xunta ten atendido a petición de información do Ministerio de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital sobre os datos de recadación nese ano relativos ao

imposto sobre contaminación atmosférica, o imposto sobre o dano medioambiental causado por determinados usos e aproveitamentos de augas embalsadas, o canon de saneamento e o canon eólico; razoando xuridicamente a improcedencia dunha posible consideración como suplemento territorial ao tratarse de tributos de natureza ambiental que nada teñen ver coa subministración de enerxía eléctrica.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 28 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia





Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/09/2017 15:36:39



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 03/10/2017 16:30  
Nº Rexistro: 18079

Data envío: 03/10/2017 15:20:18.453

Data 03/10/2017 15:20

RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 10628**, formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de don José Manuel Lago Peñas, sobre **“as razóns da evolución e nivel que presenta a débeda pública de Galicia no primeiro trimestre de 2017 en relación coa media do resto das comunidades autónomas”**, (publicada no BOPG número 137 do 29 de xuño de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de envialle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento – na sesión da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, do 22/09/2017- polo director xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos ao darlle resposta á pregunta 15074 sobre o mesmo tema e formulada polo mesmo deputado.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 2 de outubro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: 831cd241-6562-ade8-2902-800c117c56a6



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/10/2017 15:20:13



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 4059**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Luca Chao Pérez e dona María de los Ángeles Cuña Bóveda, sobre **“a valoración que fai o Goberno galego sobre os datos oficiais do Instituto Nacional de Estatística sobre a investigación, o desenvolvemento e a innovación en Galicia”**, (publicada no BOPG número 59 do 3 de febreiro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento aos resultados da aplicación da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria**, que ten o seguinte contido:

“Tras a posta en marcha da RIS3, Galicia obtivo no período 2013-2015 un diferencial positivo no esforzo en I+D con relación ao PIB do 2,3%, superando a media estatal que é descendente. Ademais, neste mesmo período, o esforzo en I+D empresarial per cápita mostrou unha recuperación do 5,2%, que foi máis do dobre da rexistrada polo Estado; e no tocante ao gasto público, cómpre sinalar que o incremento na comunidade foi do +10,5%, dato que tamén supera significativamente ao acadado a nivel nacional.

Polo tanto, estes e outros indicadores permiten constatar que Galicia está de novo na senda do crecemento, tamén no eido da investigación, o desenvolvemento e a innovación, como resultado dun ecosistema cada vez máis amplo e consolidado, así como dunha aposta firme da Xunta por desenvolver un modelo de crecemento económico baseado na innovación e o talento, como alternativa para aumentar a competitividade, crear máis e mellores postos de traballo e reforzar o benestar dos galegos e das galegas.

Esta aposta é compartida polos axentes do Sistema Galego de Innovación e ten sido confirmada coa aprobación do Plan Estratéxico de Galicia 2015-2020. Ademais, os incrementos no orzamento da Axencia Galega de Innovación, Gain, nos últimos anos (un 3,7% neste exercicio 2017 ata chegar aos 63,2 millóns de euros) para avanzar nas prioridades da RIS3 son unha boa proba disto.

Ata o momento, a RIS3 ten permitido mobilizar 786 millóns de euros desde o seu inicio no ano 2014, dos que 429 millóns de euros procederon de fondos públicos, téndose concedido un total de 1.700 axudas, segundo se reflicte no balance do pasado mes de marzo. Igualmente, cómpre destacar que arredor dun 70% das axudas outorgadas tivo como destinatario a empresas e que o 48% do montante das axudas destinadas a empresas tiveron como beneficiarias a pemes.

Por último, mencionar que a activación nos próximos meses do novo Plan de I+D+I suporá un reforzo destas políticas.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 28 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/09/2017 15:57:11



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 03/10/2017 16:30  
Nº Rexistro: 18117

Data envío: 03/10/2017 15:31:32.332

Data 03/10/2017 15:31

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 4900**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o número de centros educativos construídos en Galicia coa presenza de amianto nalgún dos seus materiais, as previsións do Goberno galego en relación coa elaboración dun informe ao respecto e un plan para a súa eliminación, así como unha normativa específica na materia”**, (publicada no BOPG número 70 do 21 de febreiro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada polas **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión da Comisión 2ª do 19.04.2017, ao darlle resposta á pregunta 4899 sobre o mesmo tema e formulada polos/as mesmos/as deputados/as ”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 3 de outubro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/10/2017 15:31:27





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 03/10/2017 16:30  
Nº Rexistro: 18107

Data envío: 03/10/2017 15:28:48.628

Data 03/10/2017 15:28

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 5657**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Luca Chao Pérez e dona María de los Ángeles Cuña Bóveda, sobre **“a convocatoria das oposicións anunciadas no ensino público de Galicia para o ano 2017, e a decisión do Goberno central ao respecto”**, (publicada no BOPG número 80 do 9 de marzo de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“A convocatoria foi publicada no DOG o 17.4.2017, en datas similares a anos anteriores cando a normativa así o permitiu”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 3 de outubro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García–Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

paxina 1 de 1



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/10/2017 15:28:44



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 03/10/2017 16:30  
Nº Rexistro: 18106

Data envío: 03/10/2017 15:28:17.159

Data 03/10/2017 15:28

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 6031**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Luis Manuel Álvarez Martínez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as intencións da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria respecto da dotación dun orzamento concreto e diferenciado en cada curso escolar para o desenvolvemento do I Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020, o cumprimento dos seus obxectivos nas medidas formuladas en relación coa elaboración de materiais, asesoramento e orientación, así como a súa valoración referida ao desenvolvemento do seu contido no tocante á formación do profesorado”**, (publicada no BOPG número 84 do 16 de marzo de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta por escrito á pregunta con número 6032 e publicada no BOPG número 117, de data 24/05/2017; á que nos remitimos”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 2 de outubro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/10/2017 15:28:12



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 7186**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Luis Manuel Álvarez Martínez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a situación na que se atopa o procedemento de declaración pola Unesco da Ribeira Sacra como patrimonio da humanidade”**, (publicada no BOPG número 97 do 6 de abril de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria vén de iniciar os trámites para declarar o espazo da Ribeira Sacra como Ben de Interese Cultural (BIC), na categoría de Paisaxe Cultural, tal e como está previsto na Lei 5/2016, de Patrimonio Cultural de Galicia.

O Consello da Xunta coñeceu con data de 21 de setembro de 2017 o cronograma de delimitación do ben, que supón o paso previo antes de comezar coas reunións de traballo cos diferentes axentes implicados e coa incoación do expediente, prevista para decembro deste ano.

Trala procedente exposición pública e período de alegacións, o departamento de Cultura do Goberno galego prevé aprobar a declaración a finais de 2018.

A delimitación do BIC parte do recoñecemento de tres valores fundamentais: naturais, culturais e mixtos. A proposta engloba a máis de 17.300 hectáreas, 306 quilómetros, 21 concellos de dúas provincias e 171 núcleos de poboación.

A aprobación da declaración da Ribeira Sacra como BIC é un primeiro paso para acadar o desexado recoñecemento como Patrimonio Mundial pola Unesco”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 3 de outubro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García–Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Páxina 2 de 2



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/10/2017 15:26:32



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 7240**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Luís Manuel Álvarez Martínez e outros/as deputados/as máis, sobre **“Sobre o estado de tramitación no que se atopa a declaración do Entroido do Oso de Salcedo, no concello da Pobra de Brollón, como festa de interese turístico”**, (publicada no BOPG número 97 do 6 de abril de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Axencia de Turismo de Galicia**, que ten o seguinte contido:

“A día de hoxe, a Xunta de Galicia continúa sen ter, entre os seus expedientes, ningunha solicitude para que o Entroido do Oso de Salcedo da Pobra de Brollón sexa declarado Festa de Interese Turístico de Galicia.

Sí consta rexistrada a petición á que fan referencia na súa pregunta, que foi realizada en novembro de 2008, ao abeiro do anterior decreto 39/2001, do 1 de febreiro, de refundición da materia de Consello Galego de Turismo, declaración de Municipio Turístico Galego e declaracións de Festas de Galicia de Interese Turístico.

Trátase dunha petición que naquela ocasión fora denegada por silencio administrativo, feito que xa lles foi comunicado aos interesados no seu momento, así como a posibilidade da recuperación da documentación presentada no caso de querer reiterar a solicitude.

Recordamos que a declaración dunha festa de interese turístico non se concede de oficio, senón que obedece a un procedemento administrativo que se inicia por solicitude da entidade ou entidades interesadas.

Instamos por tanto de novo á Asociación veciñal de Salcedo ou ao Concello da Pobra de Brollón para que inicien este procedemento presentando a solicitude a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, seguindo as indicacións do Decreto 4/2015 do 8 de xaneiro, polo que se regula a declaración de festas de interese turístico de Galicia.

Nos artigos 3 e 4 deste decreto veñen reflectidos todos os requisitos e criterios de valoración que deben cumprir as festas que solicitan a súa declaración. En función do seu cumprimento e os



informes recibidos dende a Deputación Provincial, a Área provincial de Turismo, o Consello de Turismo e as Consellerías relacionadas coa temática da festa, procederíase á emisión da proposta que se presentaría ante o Consello da Xunta e o prazo para resolver e notificar a resolución será de cinco meses.

Así pois, ata que Turismo de Galicia non reciba a solicitude de festa de interese por parte das entidades interesadas non se poderá abrir expediente, porque os avances na consecución da declaración dependen do envío correcto da documentación e de que a propia festa cumpra os requisitos establecidos nesta normativa.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 29 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 29/09/2017 12:33:34



RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 7241**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Luís Manuel Álvarez Martínez e outros/as deputados/as máis, sobre **“o estado de tramitación no que se atopa a declaración do Entroido Ribeirao de Santiago de Arriba, no concello de Chantada, como festa de interese turístico”**, (publicada no BOPG número 97 do 6 de abril de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Axencia de Turismo de Galicia**, que ten o seguinte contido:

“A día de hoxe, a Xunta de Galicia continúa sen ter, entre os seus expedientes, ningunha solicitude da Asociación de amigos e amigas do Entroido de Ribeirao nin do Concello de Chantada para que o Entroido de Ribeirao sexa declarado Festa de Interese Turístico de Galicia.

Á única referencia existente en relación a algunha solicitude sobre esta festa data de 2006, cando consta a petición dunha axuda económica para a celebración deste Entroido. Naquel momento remitiuse aos solicitantes á convocatoria de subvencións para actuacións relacionadas co apoio e difusión de manifestacións populares, festas, romarías, exposicións, festivais, certames da comarca e outros eventos de interese turístico para a Comunidade Autónoma de Galicia daquel ano.

No que se refire á declaración como Festa de Interese Turístico, dende Turismo de Galicia informouse en anteriores ocasións a ambas entidades de que a declaración dunha festa con este recoñecemento non se concede de oficio, senón que obedece a un procedemento administrativo que se inicia por solicitude da entidade ou entidades interesadas. Lembramos que é requisito indispensable para o seu recoñecemento que sexan as entidades interesadas as que inicien o procedemento.

Instamos, por tanto, de novo á Asociación de amigos e amigas do Entroido de Ribeirao ou ao propio concello de Chantada para que inicien o procedemento presentando a solicitude a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, seguindo as indicacións do Decreto 4/2015 do 8 de xaneiro, polo que se regula a declaración de festas de interese turístico de Galicia.

Nos artigos 3 e 4 deste decreto veñen reflectidos todos os requisitos e criterios de valoración que deben cumprir as festas que solicitan a súa declaración. En función do seu cumprimento e os informes recibidos dende a Deputación Provincial, a Área provincial de Turismo, o Consello de Turismo e as Consellerías relacionadas coa temática da festa, procederíase á emisión da proposta que se presentaría ante o Consello da Xunta e o prazo para resolver e notificar a resolución será de cinco meses.

Así pois, ata que Turismo de Galicia non reciba a solicitude de festa de interese por parte das entidades interesadas non se poderá abrir expediente, porque os avances na consecución da declaración dependen do envío correcto da documentación e de que a propia festa cumpra os requisitos establecidos nesta normativa.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 28 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/09/2017 15:49:11



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 8275**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Luís Manuel Álvarez Martínez e dona María de la Concepción Burgo López, sobre **“a noticia publicada por un medio de prensa diario referida á porcentaxe de alumnos que foron vítimas de acoso escolar en Galicia, a súa confirmación polo Goberno galego e, se é o caso, a súa valoración ao respecto”**, (publicada no BOPG número 110 do 4 de maio de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta por escrito á pregunta con número 8276 e publicada no BOPG número 146, de data 10/07/2017; á que nos remitimos”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 3 de outubro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/10/2017 15:24:32



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 03/10/2017 16:30  
Nº Rexistro: 18091

Data envío: 03/10/2017 15:24:05.580

Data 03/10/2017 15:23

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 8942**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de dona María Ángeles Antón VilaSánchez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as actuacións previstas pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para ampliar a aprendizaxe de linguas estranxeiras no ensino galego”**, (publicada no BOPG número 116 do 19 de maio de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia polo conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, na súa comparecencia sobre o balance da actividade educativa en Galicia, con número de rexistro 9122, no Pleno do 20-21.6.2017”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 3 de outubro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

paxina 1 de 1

CVE-PREPAR: 918c6c94-17d6-f142-4b12-11bfe898e3d1





Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/10/2017 15:24:00



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 9667**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Luca Chao Pérez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre, **“a inscrición no Rexistro da Propiedade do Pazo de Meirás como Ben de Interese Cultural”**, (publicada no BOPG número 124 do 7 de xuño de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“O Pazo de Meirás –ou tamén denominado Torres de Meirás-- está inscrito no Rexistro de BICs desde o momento da declaración como tal, de conformidade co Decreto 299/2008, do 30 de decembro, polo que se declaran ben de interese cultural, coa categoría de sitio histórico, as Torres de Meirás, situadas no termo municipal de Sada, na provincia da Coruña; que foi publicado no Diario Oficial de Galicia do 21 de xaneiro de 2009.

No referido á anotación desta condición de estar declarado BIC no Rexistro da Propiedade cómpre sinalar que a anterior Lei do Patrimonio Cultural de Galicia do ano 1995 non esixía que os sitios históricos -categoría na que está declarado o Pazo de Meirás- se anotaran como BIC no Rexistro da Propiedade.

A actual Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, no seu artigo 21.2, sí indica que se debe anotar no Rexistro da Propiedade se un sitio histórico está declarado BIC. Polo tanto, con data 3 de xullo – data de saída 10 de xullo- a Consellería de Cultura, Educación e OU solicitou ao Rexistro da Propiedade de Betanzos que se anotara a condición de BIC do Pazo de Meirás.

Pola información dispoñible neste momento, cabe sinalar que este BIC quedou anotado no Rexistro da Propiedade de Betanzos con data de 18 de agosto de 2017”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 2 de outubro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/10/2017 15:22:16



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 10078**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luís Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as razóns da demora e as datas previstas pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para a publicación das listaxes das persoas admitidas e excluídas para a realización das probas nas oposicións do ensino para o ano 2017, a conformación dos tribunais e as localidades e centros nos que se van desenvolver”**, (publicada no BOPG número 129 do 15 de xuño de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria** que ten o seguinte contido:

“A data de publicación da listaxe provisional foi o 9.6.17.

A data de publicación da listaxe definitiva foi o 16.6.17

A data do sorteo público dos membros dos tribunais foi o 29.5.17

A data de publicación de localidades e centros foi o 14.6.17

Estamos a falar dun proceso ordinario de convocatoria de oposicións que en ningún caso variou con respecto a procesos anteriores”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 3 de outubro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/10/2017 15:21:41



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 10711**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Luca Pérez Chao e dona María de los Ángeles Cuña Bóveda, sobre **“o coñecemento pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria das repercusións que vai ter para a comunidade educativa do Porriño o peche da etapa de Educación Secundaria Obrigatoria no CPI Ribeira, de Torneiros anunciado pola Inspección Educativa, así como a asunción por ese departamento da progresiva e reiterada supresión de aulas e profesorado nese concello”**, (publicada no BOPG número 137 do 29 de xuño de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“Trátase dunha planificación normal e lóxica onde primou en todo momento o interese directo do alumnado. Unha decisión que foi abordada tendo en conta criterios pedagóxicos, demográficos, xeográficos e de xestión responsable de recursos, e que en ningún caso afectan á calidade do ensino

Procedeuse á transformación do CPI da Ribeira nun CEIP (cambio xurídico), posto que os alumnos de secundaria pasan ao IES Ribeira de Louro, na mesma localidade, mellorando así nos itinerarios da ESO, entre outras cousas”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 2 de outubro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/10/2017 15:19:28





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 03/10/2017 16:30  
Nº Rexistro: 18073  
Data envío: 03/10/2017 15:18:03.655

Data 03/10/2017 15:17

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en comisión **número 10859**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Luca Chao Pérez e dona María de los Ángeles Cuña Bóveda, sobre **“o número de alumnos que quedaron sen transporte escolar nas dúas primeiras xornadas da folga indefinida convocada polo sector todos os martes e mércores a partir do 20 de xuño de 2017, así como a valoración da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria respecto da transferencia dese servizo á Consellería de Infraestruturas prevista no plan de remodelación do transporte”**, (publicada no BOPG número 137, do 29 de xuño de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“No pasado mes de xuño, a Xunta realizou un chamamento á responsabilidade para facer compatible o exercicio lexítimo da folga no transporte co cumprimento dos servizos mínimos establecidos e a garantía do respecto aos dereitos do conxunto da cidadanía.

Nembargantes, houbo que lamentar que 67.500 alumnos e os seus familiares se visen afectados por un incumprimento dos servizos mínimos que acadou o 65% no caso do transporte escolar.

Ao non respectarse os servizos mínimos no transporte escolar vulnerouse o dereito á educación dos alumnos e alumnas, xa que se lles impediu acudir aos seus centros educativos; ao tempo que a situación tamén prexudicou á conciliación das familias”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 2 de outubro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/10/2017 15:17:59



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 3169**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Paula Vázquez Verao, sobre **“as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para recuperar os salarios galegos ata acadar a media estatal, así como a repercusión da recuperación da economía galega nas condicións salariais e laborais de Galicia”**, (publicada no BOPG número 49, do 20 de xaneiro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria**, que ten o seguinte contido:

“Esta pregunta foi atendida na intervención do conselleiro de Economía, Emprego e Industria, con motivo do debate da interpelación 2374 que tivo lugar na sesión plenaria do 22 de marzo de 2017.

O arquivo audiovisual pode consultarse no seguinte enderezo de Internet:

[http://www.parlamentodegalicia.es/axenda/intervencionsVideo.aspx?  
timecode=00:10:37&idvid=C3265168&duration=00:33:32&wmv=0000009857J-002-  
100kb.wmv&.”](http://www.parlamentodegalicia.es/axenda/intervencionsVideo.aspx?timecode=00:10:37&idvid=C3265168&duration=00:33:32&wmv=0000009857J-002-100kb.wmv&.”)

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 2 de outubro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/10/2017 15:49:44



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 3243**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e don Julio Torrado Quintela, sobre **“a valoración e as medidas previstas polo Goberno galego respecto da evolución dos datos do paro e das afiliacións á Seguridade Social en Galicia no ano 2016, as razóns da fenda existente en relación co resto do Estado e a súa comparativa cos do ano 2009”**, (publicada no BOPG número 54 do 27 de xaneiro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria**, que ten o seguinte contido:

“Levamos tres anos e medio de descenso do paro en termos interanuais, polo que Galicia sitúase en xuño de 2017 por debaixo das 190.000 persoas demandantes de emprego, sendo a primeira vez desde o inicio da crise que se baixa desta cifra. En concreto, o desemprego neste último ano baixa en todos os sectores económicos, tamén no eido da industria (-11,80%) e da agricultura e pesca (-9,17%), e en todos os colectivos prioritarios das políticas activas de emprego da Xunta, destacando especialmente o descenso entre os menores de 30 anos (-10,59%).

Así mesmo, as afiliacións seguen a crecer e o mercado laboral galego ten recuperado 78.500 empregos desde 2014. No que respecta á calidade do emprego, engadir que dous de cada tres asalariados na nosa comunidade son indefinidos cun contrato de traballo a xornada completa. De feito, a contratación indefinida aumenta nun 17,87% no último ano, superando en máis de sete puntos o reflectido na temporal, e a contratación a tempo completo crece nun 13,75%, é dicir, máis de cinco puntos que a de tempo parcial.

Polo tanto, o mercado laboral segue a mellorar en Galicia mes a mes e atopándonos ante un bo escenario para acadar o reto que nos fixamos coa Axenda 2020 para o Emprego de reducir o desemprego ata o 10%. Precisamente, a conseguir o obxectivo de que sigan subindo as contratacións de calidade ao tempo que baixa o desemprego van dirixidas tamén

outras planificacións como a Estratexia Autónomo 2020, o programa Emprega en Feminino, o impulso do Sistema de Garantía Xuvenil ou a Estratexia de Seguridade e Saúde no Traballo, así como todas as actuacións que a Xunta está levando a cabo para estimular a actividade económica e industrial en Galicia.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 29 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/10/2017 9:35:07



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 3827**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e don Julio Torrado Quintela, sobre **“a valoración do Goberno galego da evolución dos datos do desemprego, a temporalidade e a precariedade laboral en Galicia reflectidos na enquisa de poboación activa e correspondentes ao terceiro trimestre de 2016, a súa comparativa cos do ano 2009 e as medidas previstas ao respecto”**, (publicada no BOPG número 59 do 3 de febreiro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria**, que ten o seguinte contido:

“Galicia encadea trece trimestres de baixadas interanuais no número de traballadores desempregados, situándose nunha cifra similar á reflectida hai sete anos. De feito, a taxa de paro na comunidade galega é do 16,11% no segundo trimestre de 2017, é dicir, máis dun punto por debaixo da media do Estado. Igualmente, os niveis de ocupación continúan na senda de crecemento. Así pois, a nosa comunidade conta con 1.048.900 ocupados no segundo trimestre de 2017, logo de que crecera en 14.900 no último ano. Situámonos así nun nivel superior ao reflectido hai cinco anos.

Ambas tendencias do mercado laboral galego confirmáronse nos datos de paro e afiliacións á Seguridade Social do pasado mes de xullo. De feito, Galicia – con 181.871 persoas inscritas como demandantes de emprego – sitúase en niveis de paro inferiores aos de xullo de 2009. Por outra banda, as afiliacións crecen con respecto a hai un ano en 22.625 (+2,32%), sendo o maior aumento producido nun mes de xullo desde o inicio da crise.

Outro feito destacado é que, no segundo trimestre de 2017, o 86,09% do total de ocupados galegos teñen un posto de traballo a tempo completo e que o 72,81% dos asalariados galegos teñen un contrato indefinido. Neste sentido, cómpre sinalar que dous de cada tres



traballadores ocupados na nosa comunidade teñen un contrato indefinido e a tempo completo, en sintonía coa media estatal.

Xa en relación co emprego feminino, sinalar que os datos de xullo reflicten que as afiliacións de mulleres á Seguridade Social medran en termos interanuais en 10.485 (+2,23%), sendo esta a maior subida producida nun mes de xullo desde o inicio da crise económica. De feito, o número de afiliacións medias de mulleres á Seguridade Social en Galicia é maior agora que en abril de 2009. Concretamente, o pasado mes había 14.928 afiliacións femininas máis (+3,21%).

As mulleres, ademais, rexistran unha subida interanual nas xornadas a tempo completo de 9.800 persoas, segundo a última Enquisa de Poboación Activa (EPA), o cal significa unha alza en termos relativos dun 2,59%. Tamén aumenta o número de mulleres asalariadas cun contrato indefinido, en concreto son 1.300 máis que hai un ano (+0,45%).

Polo tanto, a recuperación da economía galega está a ter o seu reflexo na creación de emprego e estamos ante un bo escenario para que os esforzos do Goberno galego faciliten consolidar esta evolución positiva e se reflicta cada vez con máis forza na situación das nosas familias. Neste sentido, cabe mencionar que os fogares con todos os activos parados reducíronse en 7.200 (-9,51%), ao tempo que aqueles con todos os activos ocupados aumentaron en 14.100 (+2,53%), situándose a cifra en 570.700 fogares.

Seguir neste camiño é, precisamente, o obxectivo da Axenda 2020 para o Emprego e o resto das planificacións deseñadas desde a Administración autonómica para continuar a dinamizar a nosa economía e consolidar un modelo produtivo máis competitivo e internacionalizado, baseado na innovación e no capital humano, con capacidade para crear máis e mellores postos de traballo.

No que respecta á protección da poboación en situación de pobreza, e ademais da concesión de prestacións económicas de subsistencia a todas as persoas que o precisan e que cumpren cos requisitos legalmente esixidos (RISGA e axudas de inclusión), a Estratexia de Inclusión Social de Galicia 2014-2020 conta con numerosas medidas impulsadas polos diferentes departamentos autonómicos que permiten dar cobertura a poboación en situación ou risco de exclusión social independentemente das súas circunstancias sociolaborais.



## XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Así mesmo, en xuño de 2016 impulsouse a AXENDA SOCIAL DE GALICIA, que constitúe o marco xeral de coordinación e cooperación entre os axentes públicos do Sistema Galego de Servizos Sociais -Xunta de Galicia e entidades locais-, e en colaboración coas entidades de iniciativa social, co obxectivo de coordinar esforzos e ofertar novos e mellores recursos para atender nos niveis máis próximos á cidadanía que se atopa en situación ou risco de pobreza e/ou exclusión. A Axenda comprende medidas de diferentes áreas, como as de apoio á renda, de abordaxe da pobreza enerxética e infantil, de atención á inclusión residencial, de promoción de programas e proxectos de inclusión social, ou de atención á dependencia, así como o financiamento de programas e proxectos de inclusión social desenvolvidos por corporacións locais e entidades de iniciativa social.

O artigo 6.2 da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia, establece que 'a percepción da renda de inclusión social de Galicia é un dereito subxectivo de acordo coas condicións, requisitos e obrigas regulados nesta lei'.

Polo tanto, a propia lei configura xa a RISGA como dereito subxectivo, e como tal estase a conceder a todos os solicitantes que reúnen os requisitos establecidos legalmente.

Así mesmo, estase a producir unha mellora no prazo de resolución dos expedientes. No ano 2016 o tempo medio de tramitación da RISGA en Galicia foi de 67,49 días, unha vez descontados os días nos que os expedientes permanecen paralizados polos motivos antes mencionados. Precisamente co obxectivo de incrementar a calidade da atención que se presta nos servizos sociais comunitarios, e en concreto para mellorar os tempos de tramitación inicial das solicitudes de prestacións como a RISGA e as AIS, a Xunta incrementou en 2016 o orzamento que destina ao financiamento do persoal técnico de servizos sociais nos concellos e corporacións locais de Galicia no marco do Plan Concertado, o que permitiu financiar 63 novos profesionais no conxunto de Galicia.

No relativo ao desenvolvemento regulamentario da Lei de inclusión social de Galicia, actualmente estase a traballar na elaboración do decreto que desenvolve os aspectos relacionados coa renda de inclusión social e as axudas de inclusión social.

A norma incluírá importantes melloras para os perceptores do tramo persoal e familiar de RISGA, recollendo as principais propostas realizadas polas entidades de loita contra a

pobreza e outros axentes sociais, e así mesmo suporá a posta en marcha de dous novos tramos da prestación: o de inserción e o de transición ao emprego, tal como recolle a Lei de inclusión.

Este deseño modular da prestación é un enfoque novidoso, moi recoñecido en diferentes foros estatais. Supón o establecemento dunha coordinación efectiva entre os servizos sociais e os de emprego, en liña coas recomendacións da Comisión Europea.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 29 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 29/09/2017 12:40:07



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 3829**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e don Julio Torrado Quintela, sobre **“a valoración do Goberno galego en relación coa implementación da iniciativa de emprego xuvenil en Galicia, a súa opinión respecto do cumprimento dos obxectivos fixados e o número de persoas mozas beneficiadas, así como as medidas previstas para garantir a súa maior efectividade”**, (publicada no BOPG número 59 do 3 de febreiro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria**, que ten o seguinte contido:

“Esta pregunta foi atendida na intervención do conselleiro de Economía, Emprego e Industria, con motivo do debate da interpelación 1215 que tivo lugar na sesión plenaria do 22 de marzo de 2017.

O arquivo audiovisual pode consultarse no seguinte enderezo de Internet:

<http://www.parlamentodegalicia.es/axenda/intervencionsVideo.aspx?>

[timecode=03:58:04&idvid=C3264306&duration=00:33:51&wmv=0000009856N-002-100kb.wmv&.”](http://www.parlamentodegalicia.es/axenda/intervencionsVideo.aspx?timecode=03:58:04&idvid=C3264306&duration=00:33:51&wmv=0000009856N-002-100kb.wmv&)

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 29 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García–Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/10/2017 9:38:24



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 3832**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e don Julio Torrado Quintela, sobre **“a valoración do Goberno galego en relación coa situación económica e social da mocidade de Galicia, as repercusións sociais, económicas e demográficas que está a ter a emigración das persoas mozas e as actuacións previstas para favorecer o seu retorno a Galicia, así como a creación de emprego estable e de calidade”**, (publicada no BOPG número 59 do 3 de febreiro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria**, que ten o seguinte contido:

“Esta pregunta foi atendida na intervención do conselleiro de Economía, Emprego e Industria, con motivo do debate da interpelación 1215 que tivo lugar na sesión plenaria do 22 de marzo de 2017.

O arquivo audiovisual pode consultarse no seguinte enderezo de Internet:

[http://www.parlamentodegalicia.es/axenda/intervencionsVideo.aspx?  
timecode=03:58:04&idvid=C3264306&duration=00:33:51&wmv=0000009856N-002-100kb.wmv&](http://www.parlamentodegalicia.es/axenda/intervencionsVideo.aspx?timecode=03:58:04&idvid=C3264306&duration=00:33:51&wmv=0000009856N-002-100kb.wmv&)”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 29 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/10/2017 9:38:12





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 03/10/2017 16:30  
Nº Rexistro: 18126

Data envío: 03/10/2017 15:36:19.584

Data 03/10/2017 15:36

RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 4039**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores e outros/as deputados/as mais, sobre **“a modificación da normativa para a redución de xornada para o coidado de fillas e fillos con enfermidades graves”**, (publicada no BOPG número 59 do 3 de febreiro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de envialle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda**, que ten o seguinte contido:

“Por Resolución do 7 de febreiro de 2017, da Dirección Xeral da Función Pública, publicada no DOG do 13 de febreiro, modifícase a Resolución do 24 de febreiro de 2016 pola que se ditan instrucións sobre o réxime de vacacións, permisos e licenzas.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 2 de outubro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: 5d182e82-25a1-cf87-0901-273c3e613328



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/10/2017 15:36:14



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 03/10/2017 16:30  
Nº Rexistro: 18116

Data envío: 03/10/2017 15:31:21.864

Data 03/10/2017 15:31

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 4901**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o número de centros educativos construídos en Galicia coa presenza de amianto nalgún dos seus materiais, as previsións do Goberno galego en relación coa elaboración dun informe ao respecto e un plan para a súa eliminación, así como unha normativa específica na materia.”**, (publicada no BOPG número 70 do 21 de febreiro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada polas **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento -na sesión da Comisión 2ª do 19.04.2017, ao darlle resposta á pregunta 4899 sobre o mesmo tema e formulada polos/as mesmos/as deputados/as”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 3 de outubro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/10/2017 15:31:17



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 7369**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Paula Quinteiro Araújo e don Luis Villares Naveira sobre **“a valoración da Xunta de Galicia respecto das políticas levadas a cabo en materia de emprego xuvenil”**, (publicada no BOPG número 97 do 6 de abril de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria**, que ten o seguinte contido:

“Segundo os últimos datos da Enquisa da Poboación Activa (EPA), correspondentes ao segundo trimestre de 2017, o número de desempregados menores de 30 anos diminúe no último ano en 13.400 persoas (-23,43%). Encadean así doce baixadas interanuais consecutivas e representan o 21,74% do total de persoas en paro que reflicte este indicador en Galicia, é dicir, cinco puntos e medio por debaixo da media estatal.

De feito, a taxa de paro dos menores de 30 sitúase nun 26,3%, o que supón máis de sete puntos menos que hai un ano, sendo o valor máis baixo nun segundo trimestre de ano de toda a serie de datos facilitada desde o Instituto Galego de Estatística –segundo trimestre do 2010–.

Tamén o número de ocupados menores de 30 anos aumenta no último ano (+7,82%) e dun xeito especial entre os menores de 25 anos, segmento de idade no que crece a ocupación nun 13,18% en comparación co segundo trimestre de 2016. Ademais, o incremento do emprego indefinido incide proporcionalmente, en maior medida, nos asalariados menores de 25 anos, xa que crece nun 14,10% no último ano.

Neste contexto, pódese sinalar que Galicia presenta unha taxa de paro entre os menores de 25 anos que é catro puntos e medio inferior á media do Estado. Así pois, o peso do colectivo de ‘ninis’ sobre a poboación total de 30 anos é menor na comunidade galega á media estatal – en concreto, a proporción en Galicia é un 14,05% e un 16,45% en España –.

Estes datos da EPA sobre a paulatina recuperación do emprego xuvenil teñen o seu reflexo nos datos do mes de xullo de 2017, xa que os menores de 30 anos inscritos como

demandantes de emprego reduciuse un 7,33%, acumulando case cinco anos de caídas interanuais.

No tocante á evolución da poboación activa e o seu impacto na ocupación, cabe indicar que está relacionada co declive da natalidade e co envellecemento que se está a vivir na comunidade, ao igual que sucede no conxunto de España e da Unión Europea, e que ten motivado a activación de medidas de dinamización demográfica. A modo de exemplo, na actualidade temos menos da metade de nados por habitante que décadas atrás, polo que a taxa de poboación por encima dos 65 anos en Galicia supera o 23%, mentres que a medida de España é de 17,9%.

Por outra banda, a nosa mocidade está a optar por formarse cada vez máis antes e retrasar a súa incorporación no mercado laboral. Así o reflicte a evolución da taxa de abandono educativo temperá, que se reduciu en máis de dez puntos con respecto a 2009, ata situarse no 15,2% a finais de 2016, é dicir, 3,8 puntos menos que a media estatal, rozando o obxectivo fixado pola Unión Europea para España no ano 2020 (15%).

Finalmente, subliñar que a Xunta de Galicia apoia todas as medidas que supoñen axudar á mocidade galega. Neste contexto, os menores de 30 anos seguen a ser un colectivo prioritario das políticas activas de emprego. De feito, na última lexislatura investíronse 150 millóns en políticas activas de emprego xuvenil e, na actualidade, temos en marcha novos programas como 'Emprega Xuventude' destinado a ofrecer á mocidade galega a oportunidade de formarse e acceder ao mercado laboral, que se suman ás axudas e medidas vixentes para promover o emprego dos máis novos."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 29 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 29/09/2017 12:32:40



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 02/10/2017 09:39  
Nº Rexistro: 17945

Data envío: 02/10/2017 09:39:07.484

Data 02/10/2017 09:39

RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 8081**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e outros/as deputados/as máis, sobre **“a valoración do Goberno galego en relación cos datos do emprego das persoas con discapacidade en Galicia, as súas previsións respecto da extensión ás listas de interinos da reserva legal establecida para o acceso ao emprego público das que padecen discapacidade intelectual e o cumprimento desa reserva en toda a Administración pública galega, así como as medidas que vai poñer en marcha para incrementar a súa integración nela”**, (publicada no BOPG número 105 do 26 de abril de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia vén realizando nos últimos anos un esforzo para facilitar a inserción laboral efectiva das persoas con discapacidade na función pública galega.

A normativa vixente establece que as administracións reservarán a persoas con discapacidade un 7% das prazas incluídas nas convocatorias de emprego público, unha medida que ten como obxectivo garantir a inserción deste colectivo na Administración.

Sen embargo, esta reserva xa non é obrigatoria cando unha administración supera o 2% de persoal con discapacidade.

Pero a Xunta, pese a superar esta barreira do 2%, continúa reservando en cada convocatoria de emprego público o 7% das prazas convocadas para a discapacidade.

Ademais, dende 2015 a Xunta deu un paso máis e comezou a traballar na posta en marcha de oposicións reservadas especificamente a persoas con discapacidade intelectual. Este traballo fíxose en colaboración con as asociacións Down Galicia e Fademga, e permitiu avanzar en



cuestións coma a elaboración de temarios adaptados ás distintas discapacidades ou a formación que recibirán estes traballadores unha vez pasen a formar parte da Administración galega.

Grazas a este intenso traballo, en 2016 mediante a Orde do 25 de febreiro, a Consellería de Facenda convocou as primeiras oposicións da historia da Xunta reservadas a persoas con discapacidade intelectual. O primeiro exame realizouse con éxito o pasado mes de abril, e nesta proba participaron máis de 350 persoas.

O propio conselleiro de Facenda, en sede parlamentaria, ten instado ao resto de administración galegas, grandes concellos, as deputacións e as universidades a imitar á Xunta e utilizar unha parte da taxa de reposición para facer oposicións específicas para este colectivo.

Pero tamén se comprometeu, en sede parlamentaria, a que haberá emprego temporal para este colectivo. Así o apartado quinto da mesma Orde, relativo á lista de aspirantes á contratación temporal, establece que a puntuación dos aspirantes que aproben o primeiro exercicio pero non superen o proceso selectivo terá a consideración de mérito para o desempeño transitorio de postos da mesma categoría profesional.

En relación ás Ofertas de Emprego Público da Xunta de Galicia, tal e como dispón o Decreto 19/2016, do 25 de febreiro (DOG número 45, do 7 de marzo de 2016), están pendentes de convocar os seguintes procesos selectivos por acceso libre que inclúen prazas para persoas con discapacidade intelectual:

Corpo auxiliar, subgrupo C2: 22 prazas ofertadas, das cales 4 serán estarán reservadas para seren cubertas por persoas con discapacidade intelectual.

Agrupación profesional do persoal funcionario subalterno: 12 prazas ofertadas e reservadas para seren cubertas por persoas con discapacidade intelectual.

En total a oferta de prazas para o ingreso nos corpos, escalas e especialidades de Administración xeral e especial, e categorías de persoal laboral para o ano 2016 inclúe unha cifra de 46 prazas para persoas con discapacidade xeral (20 por acceso libre e 26 por promoción interna), ás que hai que engadir outras 16 de acceso libre a cubrir con persoas que acrediten discapacidade intelectual.



**XUNTA DE GALICIA**

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 02/10/2017 09:39**  
**Nº Rexistro: 17945**  
Data envío: 02/10/2017 09:39:07.484

En termos porcentuais, a cota de reserva de prazas da oferta de emprego para persoas con discapacidade acada unha porcentaxe do 8,68 % do total. Esta porcentaxe pode desagregarse de xeito que un 2,24 % das prazas sexan cubertas por persoas que acrediten discapacidade intelectual mentres que o restante 6,44 % o sexa por persoas que acrediten calquera outro tipo de discapacidade.

Sinalar finalmente que a aposta pola inclusión figura recollida na Lei de Emprego Público de Galicia e na Estratexia Galega sobre discapacidade 2015/2020.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 2 de outubro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/10/2017 9:39:02



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 8348**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Populares de Galicia, a iniciativa de dona María Encarnación Amigo Díaz e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“os resultados da aplicación da Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia”**, (publicada no BOPG número 110 do 4 de maio de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Secretaría Xeral de Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“Dende a entrada en vigor da Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia, o Goberno galego levou a cabo importantes avances no cumprimento da mesma. Cómpre destacar, entre outros:

1. Colaboración coas asociacións, organizacións e colectivos LGTBI: No ano 2016, foi a primeira vez que o Goberno da Xunta de Galicia asinaba convenios de colaboración coas entidades LGTBI.

E así, neste 2017 e por primeira vez, aparece recollida nos orzamentos da Comunidade galega unha partida específica destinada a colaborar coas entidades LGTBI de Galicia.

2. Servizo de atención directa á persoas LGTBI: dende o pasado ano os Centros de Información ás Mulleres (CIMs) poden informar, atender e asesorar ao colectivo LGTBI e ás súas familias, en colaboración cos gobernos locais.

3. Formación dos corpos e forzas de seguridade: durante o 2016 e neste 2017 se desenvolveron cursos específicos de delitos de odio e de non discriminación.

4. Mellor atención sanitaria ás persoas transexuais, nomeadamente ás persoas menores: Galicia dotárase dunha unidade sanitaria de atención a menores transexuais, que se situará en Santiago de Compostela.

5. Moitas e importantes accións no ámbito educativo. Bos exemplos son a campaña ‘eu respecto’ de sensibilización escolar para a non discriminación por orientación sexual, o Protocolo educativo para garantir a igualdade, a non discriminación e a liberdade de identidade de xénero, o I Plan de

actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020 ou a oferta por primeira vez en 2016 da materia de libre configuración autonómica 'Igualdade de xénero' de libre elección para os centros docentes nas etapas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato (aborda a temática 'relacións de xénero e afectividade').

6. Atención á xuventude a través dos Centros Quérote +: en 2016 un total de 7.000 mozos e mozas foron atendidas no servizo de asesoramento, 9.942 mozos e mozas participaron nos 389 obradoiros dentro do servizo formativo no que se imparten obradoiros sobre sexualidade, afectividade e convivencia en centros de ensino e outros ámbitos, e leváronse a cabo campañas de sensibilización a través das redes sociais e accións de rúa (Día mundial de loita contra a homofobia e a transfobia e Día do Orgullo).

7. Creación dunha Comisión Galega de Control da Violencia no deporte no pasado mes de xuño.

Por último, xa de xeito máis transversal, cómpre lembrar que o VII Plan Estratégico de Galicia para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2017-2020 ten, entre as súas áreas estratéxicas de actuación a de 'Igualdade na educación e valores', cun obxectivo claro: impulsar o cambio de valores, actitudes, roles e estereotipos que sustentan a desigualdade de xénero a través dun modelo educativo que promova a equidade entre mulleres e homes en todas as súas dimensións. Do mesmo xeito, no Consello da Xunta do 6 de xullo de 2017 aprobouse a creación do Observatorio contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero, que nace co obxectivo principal de consolidar e defender os dereitos das persoas sexa cal sexa a súa orientación sexual e de xénero.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 4 de outubro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 04/10/2017 19:39:19



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 8365**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Populares de Galicia, a iniciativa de dona María Encarnación Amigo Díaz e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“os resultados da aplicación da Lei 12/2016, do 22 de xullo, pola que se modifica a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero”**, (publicada no BOPG número 110 do 4 de maio de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Secretaría Xeral de Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“A Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, modificada pola Lei 12/2016, do 22 de xullo, dispón no seu artigo 39.1 que ‘a Xunta de Galicia, a través do departamento competente en materia de igualdade, garantirá a existencia dunha prestación económica de carácter periódico dirixida ás mulleres vítimas de violencia de xénero. A prestación terá en conta a situación socioeconómica das mulleres e irá dirixida a posibilitar a súa autonomía e independencia económica respecto do seu agresor, ou da persoa que mantiver sobre ela unha relación de dominación e mais a tentar axudalas a romper coa situación de violencia’.

E no punto 2 do mesmo artigo establece que ‘a Xunta de Galicia regulará esta prestación a través dunhas bases reguladoras, que serán aprobadas mediante ore ou resolución pola persoa titular do departamento competente en materia de igualdade. Estas bases reguladoras garantirán en todo caso un prazo de solicitude aberto durante todo o ano e establecerán como potenciais beneficiarias as vítimas de formas de violencia de xénero sinaladas nas alíneas a) Violencia física, b) Violencia psicolóxica, e f) Trata de mulleres e nenas, do artigo 3.’

Así o 24 de marzo de 2017 o DOG publicaba:

- A Resolución do 17 de marzo de 2017, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión da prestación periódica para mulleres que sofren violencia de xénero, prevista no artigo 39 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, modificada pola Lei 12/2016, do 22 de xullo

- A Resolución do 17 de marzo de 2017, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se regulan as bases para a concesión das axudas establecidas no artigo 27 da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, e no artigo 43 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, e se procede á súa convocatoria para o ano 2017.

Polo que a Xunta destina este ano case 4,5 millóns de euros para axudar ás vítimas de violencia de xénero, un orzamento que se distribuirá a través de tres liñas de axudas distintas, todas elas ampliables.

Respecto da convocatoria do 2016, a deste ano supón un incremento do 98,9% do orzamento da convocatoria.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 4 de outubro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia





Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 04/10/2017 19:38:56



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 2732**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de don José Manuel Lago Peñas e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a situación do mercado laboral en Galicia en relación cos demais membros da Unión Europea”**, (publicada no BOPG número 44 do 13 de xaneiro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria**, que ten o seguinte contido:

“Esta pregunta foi atendida na intervención do conselleiro de Economía, Emprego e Industria, con motivo do debate da pregunta 2735 que tivo lugar na sesión plenaria do 25 de xaneiro de 2017.

O arquivo audiovisual pode consultarse no seguinte enderezo de Internet:

[http://www.parlamentodegalicia.es/axenda/intervencionsVideo.aspx?  
timecode=00:43:13&idvid=C3229028&duration=00:11:00&wmv=0000009774E-002-  
100kb.wmv&.”](http://www.parlamentodegalicia.es/axenda/intervencionsVideo.aspx?timecode=00:43:13&idvid=C3229028&duration=00:11:00&wmv=0000009774E-002-100kb.wmv&.”)

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 28 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García–Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/09/2017 16:04:27



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión número: **2877**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Abel Fermín Losada Álvarez e dona María Dolores Toja Suárez, sobre “**as previsións da Xunta de Galicia ante a intención do grupo Ferroatlántica de vender as centrais hidroeléctricas da nosa comarca**”, (publicada no BOPG número 44 do 13 de xaneiro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria e a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia ten desestimado a proposta da empresa porque non se dan as condicións necesarias, nin se cumpren os requisitos legais, para suprimir a condición actualmente vixente na concesión, que ten por finalidade garantir o mantemento da actividade industrial e os postos de traballo na comunidade, polo que carece das condicións que establece a propia concesión de velar polo interese público. Estes requisitos fixéronse desde o primeiro momento na folla de ruta da Administración autonómica porque a súa premisa de actuación é sempre a seguridade, tanto desde o punto de vista xurídico como social.

A maiores, cómpre subliñar que o Goberno galego actuou coa máxima transparencia e diálogo cos axentes socioeconómicos da comarca, incluídos alcaldes e traballadores, que foron puntualmente informados sobre a evolución deste asunto.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 29 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/10/2017 9:37:45



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 29/09/2017 12:42  
Nº Rexistro: 17879

Data envío: 29/09/2017 12:42:18.866

Data 29/09/2017 12:42

RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 2887**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Raúl Fernández Fernández e outros/as deputados/as máis, sobre **“as consecuencias da anulación da licenza de obras de uso hoteleiro no castelo de Monterrei no contrato de explotación con Paradores de España”**, (publicada no BOPG número 44 do 13 de xaneiro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Axencia de Turismo de Galicia**, que ten o seguinte contido:

“Informar que o concello de Monterrei outorgou unha nova licenza o 24 de maio de 2017.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 29 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: 0115af64-5a12-b758-bdff6-ecaf2a918495



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 29/09/2017 12:42:13



## XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 3209**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as actuacións levadas a cabo ou previstas polo Goberno galego para o cumprimento do acordo parlamentario referido a evitar a segregación das actividades de produción de enerxía eléctrica e ferroalixes pola empresa Ferroatlántica e o incremento dos niveis actuais de emprego e de actividade industrial en Galicia, en especial, nos concellos de Cee e Dumbría, así como o mantemento dos postos de traballo derivados da división de enerxía nos centros de traballo galegos”**, (publicada no BOPG número 49 do 20 de xaneiro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento aos resultados da aplicación da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia ten desestimado a proposta da empresa porque non se dan as condicións necesarias, nin se cumpren os requisitos legais, para suprimir a condición actualmente vixente na concesión que ten por finalidade garantir o mantemento da actividade industrial e dos postos de traballo na comunidade, polo que carece das condicións que establece a propia concesión de velar polo interese público. Estes requisitos fixéronse desde o primeiro momento na folla de ruta da Administración autonómica porque a súa premisa de actuación é sempre a seguridade, tanto desde o punto de vista xurídico como social.



A maiores, cómpre subliñar que o Goberno galego actuou coa máxima transparencia e diálogo cos axentes socioeconómicos da comarca, incluídos alcaldes e traballadores, que foron puntualmente informados sobre a evolución deste asunto.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 28 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/09/2017 15:57:41



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 3255**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Abel Fermín Losada Álvarez e don José Manuel Pérez Seco, sobre **“a opinión do Goberno galego respecto do nivel de cobertura actual das necesidades da cidadanía afectada pola pobreza enerxética, a suficiencia dos fondos destinados ás axudas para combatela e a posibilidade de mellorar o acceso e a cobertura destas, así como o destino de parte dos seus fondos a outros fins”**, (publicada no BOPG número 52, do 25 de xaneiro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria**, que ten o seguinte contido:

“Galicia é pioneira na activación de medidas para dar resposta ás necesidades enerxéticas dos consumidores máis vulnerables. Desde 2014 contamos co ticket eléctrico social que contribúe ao pagamento da factura da luz con ata 300 euros ao ano para ás familias con menos recursos a través dun mecanismo automático, sinxelo e eficaz, que neste 2017 se estende tamén ao gas natural.

Pola súa banda, o pasado ano púxose en marcha unha medida específica para evitar os cortes de subministro, na que a Consellería de Economía, Emprego e Industria asume o pagamento de ata dúas facturas ao ano, cun importe máximo de 200 euros anuais por solicitante, e que ademais posibilita a súa paralización durante un mes desde o mesmo momento en que se presenta (tempo para proceder á resolución da axuda).

Isto ten permitido, que desde o ano 2014 axudamos a case 7.000 fogares galegos a facer fronte aos seus gastos de enerxía, atendendo todas as solicitudes mediante o ticket eléctrico. E a 4.228 familias desde que en 2016 se conceden as axudas por cortes de

subministración. A prioridade da Xunta de Galicia, polo tanto, é que ningunha familia que poida precisar esta axuda quede sen ela.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 2 de outubro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/10/2017 15:49:09



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REGISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 29/09/2017 12:38  
Nº Rexistro: 17870

Data envío: 29/09/2017 12:38:01.208

Data 29/09/2017 12:37

RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 4610**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e outros/as deputados/as máis, sobre **“os prazos previstos polo Goberno galego para o remate das obras de rehabilitación e acondicionamento, así como a apertura ao público das instalacións do mosteiro de San Clodio, no concello de Leiro, os servizos relacionados co termalismo que se van pór en marcha nel e as medidas que vai adoptar a Xunta de Galicia para potenciar e difundir os recursos turísticos dese termo municipal”**, (publicada no BOPG número 66 do 15 de febreiro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Axencia de Turismo de Galicia**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia, a través de Turismo de Galicia, vén de rematar as obras para a conversión nun spa de viñoterapia do Mosteiro de San Clodio, situado no concello ourensán de Leiro. Un mosteiro que, cabe destacar, non está pechado e no que se continúan a ofrecer os servizos hoteleiros habituais pola empresa xestora do mesmo, así como as visitas culturais ao mesmo.

Estas obras, que se remataron hai uns meses e que contaron cun investimento de 1,3 millóns de euros, estiveron centradas na rehabilitación da nave lateral do mosteiro para o seu acondicionamento como spa-viñoterapia. Na actualidade estanse a acometer tamén unhas obras de rehabilitación dos accesos .

Esta actuación permite que Galicia poida contar cunha novidosa opción de turismo termal, que abrirá ao público no momento da concesión da xestión do mesmo. Este novo spa viñoterapia permite, ademais, completar o uso hoteleiro do mosteiro podendo gozar dun hotel e spa na contorna dun edificio con 500 anos de historia cunha piscina equipada con todas as prestacións dun spa. Tamén conta con saunas de vapor, duchas de contrastes, solarium externo cara os viñedos de Leiro, así como salas de masaxe, con tratamentos específicos de viñoterapia.

Con estes novos servizos do Mosteiro de San Clodio, a Xunta de Galicia pon en valor, potencia e difunde os recursos turísticos asociados a este concello ourensán de Leiro, centrados nas augas termais e no viño. Uns recursos que son eixos clave da estratexia turística da Administración

CVE-PREPAR: ac4c21f5-99c8-9575-ef28-a43a92aa2633

Autonómica, como importantes elementos diferenciadores da Comunidade galega.

Neste sentido, a Xunta continúa traballando no impulso ao termalismo, ao abeiro do Plan Termal e Turismo de Saúde, aliñado coa Estratexia do Turismo de Galicia 2020, con accións como o apoio á xeración de novos produtos e servizos baseados na innovación, a xeración de experiencias de base termal, artellando produtos de escapada que inclúan gastronomía, natureza e cultura e termalismo ou impulsando viaxes de familiarización, entre outras moitas accións. Estase a traballar, por tanto, para impulsar o turismo de saúde e termal como elemento singular da oferta turística de Galicia e como base dun turismo de alto valor engadido.

Do mesmo xeito, o enoturismo é outro dos eixes da estratexia de Galicia. Porque o potencial turístico dos espazos vitivinícolas, entre os que se atopa Leiro, é moi alto. E o enoturismo achega un alto valor engadido ao destino, fundamentalmente nos últimos anos, cando detectamos unha demanda crecente polo viño e a súa cultura. Por iso, a enogastronomía é un dos elementos tractores da estratexia turística, xa que permite alongar as temporadas do sector turístico galego. A Xunta está a traballar, en colaboración co sector, na definición de estratexias de comercialización que a sitúen como motivación principal de visita e na creación de produtos vinculados ao enoturismo, ofrecendo paquetes experienciais novidosos nos que a tradicional visita e cata na bodega se vexa complementada polas posibilidades que ofrece a contorna, coa intención de apoiar e consolidar a marca Enoturismo Galicia.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 29 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez


Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 29/09/2017 12:37:56





**Asunto: Propuesta de REGLAMENTO DEL PARLAMENTO EUROPEO Y DEL CONSEJO que modifica el Reglamento (UE) n.º 1303/2013 por lo que respecta a la modificación de los recursos destinados a la cohesión económica, social y territorial, y los recursos destinados a la inversión para el objetivo de inversión en crecimiento y empleo, así como al objetivo de cooperación territorial europea [COM(2017) 565 final] [COM(2017) 565 final Anexo] [2017/0247 (COD)]**

En aplicación del artículo 6.1 de la Ley 8/1994, de 19 de mayo, la Comisión Mixta para la Unión Europea remite a su Parlamento, por medio del presente correo electrónico, la iniciativa legislativa de la Unión Europea que se acompaña, a efectos de su conocimiento y para que, en su caso, remita a las Cortes Generales un dictamen motivado que exponga las razones por las que considera que la referida iniciativa de la Unión Europea no se ajusta al principio de subsidiariedad.

Aprovecho la ocasión para recordarle que, de conformidad con el artículo 6.2 de la mencionada Ley 8/1994, el dictamen motivado que, en su caso, apruebe su Institución debería ser recibido por las Cortes Generales en el plazo de cuatro semanas a partir de la remisión de la iniciativa legislativa europea.

Con el fin de agilizar la transmisión de los documentos en relación con este procedimiento de control del principio de subsidiariedad, le informo de que se ha habilitado el siguiente correo electrónico de la Comisión Mixta para la Unión Europea: [cmue@congreso.es](mailto:cmue@congreso.es)

SECRETARÍA DE LA COMISIÓN MIXTA PARA LA UNIÓN EUROPEA



Bruselas, 5.10.2017  
COM(2017) 565 final

ANNEX 1

## **ANEXO**

*de la*

### **Propuesta de**

**Reglamento del Parlamento Europeo y del Consejo, que modifica el Reglamento (UE) n.º 1303/2013 por lo que respecta a la modificación de los recursos destinados a la cohesión económica, social y territorial, y los recursos destinados a la inversión para el objetivo de inversión en crecimiento y empleo, así como al objetivo de cooperación territorial europea**

«ANEXO VI

**DESGLOSE ANUAL DE LOS CRÉDITOS DE COMPROMISO PARA EL PERÍODO 2014 A 2020**

Ajuste del perfil anual (incluida la ampliación de la IEJ)

	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	Total
EUR, precios de 2011	34 108 069 924	55 725 174 682	46 044 910 736	48 027 317 164	48 240 419 297	48 712 359 314	49 120 150 341	329 978 401 458

»



Bruselas, 5.10.2017  
COM(2017) 565 final

2017/0247 (COD)

Propuesta de

**REGLAMENTO DEL PARLAMENTO EUROPEO Y DEL CONSEJO**

**que modifica el Reglamento (UE) n.º 1303/2013 por lo que respecta a la modificación de los recursos destinados a la cohesión económica, social y territorial, y los recursos destinados a la inversión para el objetivo de inversión en crecimiento y empleo, así como al objetivo de cooperación territorial europea**

## **EXPOSICION DE MOTIVOS**

### **1. CONTEXTO DE LA PROPUESTA**

#### **• Razones y objetivos de la propuesta**

El objetivo de la propuesta es adaptar los importes de los recursos disponibles para el objetivo de inversión en crecimiento y empleo y el objetivo de cooperación territorial europea establecidos en los artículos 91, apartado 1, y 92, apartados 1 y 5, del Reglamento (UE) n.º 1303/2013<sup>1</sup>, así como el desglose anual de los créditos de compromiso reflejado en el anexo VI, a las decisiones adoptadas desde la adopción de dicho Reglamento. En primer lugar, adaptar los importes al resultado del ejercicio de ajuste técnico, conforme al artículo 92, apartado 3, de dicho Reglamento; en segundo lugar, reflejar las diferentes transferencias decididas sobre la base de los artículos 25, 93 y 94 de dicho Reglamento que afectan a los importes globales anuales; en tercer lugar, incluir el incremento de la «Iniciativa de Empleo Juvenil» (IEJ) hasta 2020 por un importe total de 1 200 millones EUR a precios corrientes para la asignación específica para la IEJ, que tiene que ser complementada con al menos 1 200 millones EUR de inversiones específicas del FSE; y en cuarto lugar, reflejar la transferencia de parte de los créditos de compromiso de 2014 a ejercicios posteriores tras la adopción de los nuevos programas a partir del 1 de enero de 2015. Los resultados del ajuste técnico y las transferencias que se decidieron sobre la base de los artículos 25, 93 y 94 de dicho Reglamento ya se abordaron en la Decisión de Ejecución (UE) 2016/1941 de la Comisión<sup>2</sup>.

La propuesta refleja asimismo que Chipre puede optar de nuevo a la ayuda del Fondo de Cohesión y ya no recibe ayuda del Fondo de Cohesión de forma transitoria y específica desde el 1 de enero de 2017. Esto ya se había abordado en la Decisión de Ejecución (UE) 2016/1916 de la Comisión<sup>3</sup>.

El ejercicio de ajuste técnico tiene su origen en el artículo 7 del Reglamento (UE) n.º 1311/2013 del Consejo<sup>4</sup>, a fin de tener en cuenta la situación especialmente difícil de los

---

<sup>1</sup> Reglamento (UE) 2016/2135 del Parlamento Europeo y del Consejo, de 23 de noviembre de 2016, por el que se modifica el Reglamento (UE) n.º 1303/2013 en lo que se refiere a determinadas disposiciones relativas a la gestión financiera para determinados Estados miembros que sufren, o corren el riesgo de sufrir, graves dificultades en relación con su estabilidad financiera (DO L 338 de 13.12.2016, p. 34).

<sup>2</sup> Decisión de Ejecución (UE) 2016/1941 de la Comisión, de 3 de noviembre de 2016, que modifica la Decisión de Ejecución 2014/190/UE, por la que se establecen el desglose anual por Estado miembro de los recursos totales del Fondo Europeo de Desarrollo Regional, el Fondo Social Europeo y el Fondo de Cohesión en el marco del objetivo de inversión en crecimiento y empleo y del objetivo de cooperación territorial europea, el desglose anual por Estado miembro de los recursos de la asignación específica para la Iniciativa sobre Empleo Juvenil, junto con la lista de regiones que pueden optar a financiación, así como los importes que deben transferirse de las asignaciones de los Fondos Estructurales y el Fondo de Cohesión de cada Estado miembro al Mecanismo «Conectar Europa» y a la ayuda a las personas más desfavorecidas para el período 2014-2020 [notificada con el número C(2016) 6909] (DO L 299 de 5.11.2016, p. 61).

<sup>3</sup> Decisión de Ejecución (UE) 2016/1916 de la Comisión, de 27 de octubre de 2016, que modifica la Decisión de Ejecución 2014/99/UE de la Comisión, que establece la lista de regiones que pueden recibir financiación del Fondo Europeo de Desarrollo Regional y del Fondo Social Europeo, y de los Estados miembros que pueden recibir financiación del Fondo de Cohesión durante el período 2014-2020 [notificada con el número C(2016) 6820] (DO L 296 de 1.11.2016, p. 15).

<sup>4</sup> Reglamento (UE, Euratom) n.º 1311/2013 del Consejo, de 2 de diciembre de 2013, por el que se establece el marco financiero plurianual para el período 2014-2020 (DO L 347 de 20.12.2013, p. 884).

Estados miembros que padecen la crisis y de revisar en 2016 la asignación total del objetivo de inversión en crecimiento y empleo.

El artículo 25 prevé un mecanismo de gestión de la asistencia técnica prestada a Estados miembros con dificultades presupuestarias temporales, a saber, la transferencia de parte de dicha asistencia técnica a la asistencia técnica a iniciativa de la Comisión.

En determinadas condiciones, el artículo 93 permite la transferencia de recursos entre categorías de regiones y el artículo 94, la transferencia de recursos entre objetivos.

- **Coherencia con las disposiciones existentes en la misma política sectorial**

